



DATOS IDENTIFICATIVOS

Xurisdición contenciosa-administrativa e proceso laboral

Materia	Xurisdición contenciosa-administrativa e proceso laboral			
Código	O03G080V01703			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público Dereito público especial			
Coordinador/a	Fernández Prol, Francisca García Gago, José Javier			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta Fernández Prol, Francisca García Gago, José Javier			
Correo-e	jjaviergarciag@yahoo.es franfernandez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia "Xurisdicción contencioso-administrativa e proceso laboral" estrutúrase en dous bloques adicados, respectivamente, á análise das ordes xurisdiccionais contencioso-administrativa e social. A tal efecto, examínanse as competencias e estrutura das citadas ordes, así como as actuacións a desenvolver perante as mesmas no marco dos procesos propios de cada unha.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as principais institucións xurídicas
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais
A8	Ser quen de argumentar xuridicamente
A9	Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
A11	Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
A12	Ser quen de manexar fontes xurídicas
A13	Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico
A14	Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos
A15	Ser quen de manexar a oratoria xurídica
B1	Capacidade de síntese e análise
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B9	Traballar de forma cooperativa
B11	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
(*)(*)	A1	B1
	A2	B6
	A8	B8
	A9	B9
	A11	B11
	A12	
	A13	
	A14	
	A15	

Contidos

Tema	
BLOQUE I. XURISDICCIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA	(*)1.1.- El control jurisdiccional de la Administración 1.2.- Evolución histórica 1.3.- Extensión y límites de la jurisdicción contencioso-administrativa 1.4.- Órganos judiciales y competencia
TEMA 1. INTRODUCCIÓN: O CONTROL DE LEGALIDADE DA ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.	
TEMA 2. ASPECTOS PROCESAIS DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO.	1. Xurisdicción.- 2. Competencia.- 3 As partes (capacidade procesal e lexitimación).- 4. O obxecto.- 5. Tutela cautelar.
TEMA 3. PROCEDEMENTOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.	(*)3.1. Procedimiento ordinario 3.1.1.- Interposición 3.1.2.- Reclamación del expediente y emplazamiento de los interesados 3.1.3.- Alegaciones previas, demanda y contestación 3.1.4.- Prueba, vista y conclusiones 3.1.5.- Sentencia 3.1.6.- Otros modos de finalización del procedimiento 3.2.- Procedimiento abreviado 3.3.- Procedimientos especiales 3.3.1.- Procedimiento especial en materia de derechos fundamentales 3.3.2.- Cuestión de ilegalidad 3.3.3.- Suspensión previa de actos o acuerdos
TEMA 4. RECURSOS CONTRA PROVIDENCIAS, AUTOS E SENTENCIAS	(*)4.1.- Recursos ordinarios y extraordinarios: concepto y características 4.2.- Recurso de apelación 4.3.- Recurso de casación 4.4.- Recurso de casación para la unificación de doctrina 4.5.- Recurso de casación en interes de ley 4.6.- Recursos contra Autos, providencias y diligencias de ordenación
TEMA 5. SOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL DE CONFLICTOS EN DEREITO ADMINISTRATIVO.	
BLOQUE II. O PROCESO LABORAL	
TEMA 1. A ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL	1. Concepto e fontes reguladoras.- 2. Competencias da orde xurisdiccional social.- 2.1. Materias incluídas.- 2.2. Delimitación competencial fronte a outras ordes da Xurisdicción.- 3. O exercicio das accións laborais e a Lei Concursal: competencias atribuídas ao xuíz do concurso no eido laboral.- 4. Planta e regras de competencia funcional e territorial.- 4.1. Os xulgados do social.- 4.2. As salas do Social dos Tribunais Superiores de Xustiza.- 4.3. A Sala do Social da Audiencia nacional.- 4.4. A Sala do Social do Tribunal Supremo.- 5. O Tribunal Constitucional: cuestión de inconstitucionalidade e recurso de amparo.- 6. Referencia á competencia xudicial internacional da orde social.
TEMA 2. O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE XURISDICCIONAL	1. Principios informadores do proceso laboral.- 2. As partes do proceso.- 2.1. Capacidade para ser parte.- 2.2. Capacidade procesal.- 2.3. Lexitimación.- 2.4. Postulación.- 3. Pluralidade de partes: litisconsorcio e intervención procesal. Referencia á intervención do Fondo de Garantía Salarial.- 4. Os actos procesais.- 4.1. Das actuacións procesais.- 4.2. Presentación de escritos.- 4.3. Resolucións e dilixencias de ordenación.- 4.4. Actos de comunicación.- 5. Clases de procesos.
TEMA 3. O PROCESO LABORAL ORDINARIO	1. Prescripción e caducidade das accións.- 2. Fase preprocesal.- 2.1. Conciliación ou mediación previa. Laudos arbitrais- 2.2. Reclamación administrativa previa (remisión).- 3. Inicio, desenvolvemento e conclusión do proceso.- 3.1. Actos preparatorios.- 3.2. Demanda.- 3.3. Fase de admisión e medidas precautorias.- 3.4. Citación das partes e conciliación xudicial.- 4.5. Xuízo e práctica de probas. Dilixencias finais- 4.6. Conclusións e sentenza.- 5. Referencia a supostos de acumulación: de accións, de procesos.- 6. O proceso monitorio.
TEMA 4. MODALIDADES PROCESAIS I	1. Procesos de despido disciplinario e de impugnación de sancións.- 2. Procesos derivados da extinción do contrato de traballo por causa obxectivas, por despido colectivo e outras causas de extinción.- 3. Procesos especiais por vacacións, materia electoral, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais de condicións de traballo e dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente.
TEMA 5. MODALIDADES PROCESAIS II	1. Procesos especiais en materia de Seguridade Social.- 2. Do procedemento de oficio e do de impugnación de actos administrativos en materia laboral e de Seguridade Social non prestacionais.- 3. Do proceso de conflitos colectivos.- 4. Da impugnación de convenios colectivos.- 5. Das impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou a súa modificación.- 6. Da tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

TEMA 6. MEDIOS DE IMPUGNACIÓN E EXECUCIÓN DE SENTENCIAS

1. Medios de impugnación.- 1.1. Recursos contra providencias, autos, diligencias de ordenación e decretos: recurso de reposición e recurso de queixa.- 1.2. O recurso de suplicación.- 1.3. O recurso de casación.- 1.4. O Recurso de casación para a unificación de doutrina.- 1.4. Remedios e recursos contra sentencias firmes: audiencia ao demandado rebelde, nulidade de actuación, error xudicial, revisión de sentencias e recurso de amparo (remisión).- 2. Execución de sentencias.- 2.1. Execución provisional e execución definitiva.- 2.2. Execucións dinerarias.- 2.3.- Execucións con especialidades: execución das sentencias firmes de despido; execución de sentencias firmes fronte a entes públicos; execución provisional de sentencias condenatorias en materia de Seguridade Social; execución provisional de sentencias condenatorias recaídas noutros procesos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos/análises de situacións	15	20	35
Titoría en grupo	2	6	8
Sesión maxistral	35	30	65
Probos de tipo test	1	20	21
Probos de resposta curta	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

Titoría en grupo No marco das titorías en grupo resolveranse, de xeito individual e personalizado, as dúbidas xurdidas no marco das sesións maxistrais ou con ocasión das clases prácticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacións	Proba na que se presenta unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc.	30
Probos de tipo test	Probos para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	35
Probos de resposta curta	Probos para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.	35

Outros comentarios sobre a Avaliación

Datos de exames:

Primeira convocatoria: 17 de xaneiro de 2014, 16:00, aulas 1.4 e 1.5

Segunda convocatoria: 7 de xullo de 2014, 10:00, aula 1.4

Fin de carreira: 18 de outubro, 16:00

1. SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A avaliación da materia ou nota final será, no marco do devandito sistema de avaliación, o resultado da suma das calificacións acadadas nas seguintes probas obrigatorias:

A. Avaliación da participación activa (30% da nota final)

Bloque I (15%): Terase en conta a "asistencia activa" (asistencia + participación). Valorarase especialmente o esforzo e o interese das/os estudantes sen que, en ningún caso, se recoñeza valor ningún á mera asistencia.

Para poder ter acceso á avaliación continua, é requisito previo imprescindible entregar ao profesor, ao principio do curso, a "ficha" persoal con datos actualizados e foto recente.

As/os estudantes que o desexen poderán voluntariamente realizar pequenos traballos ou lecturas de bibliografía especializada tutelados ou guiados polo profesor.

En todo caso, as/os estudantes poden voluntariamente renunciar á avaliación continua e confiar o 100% da súa cualificación neste Bloque I ao exame sen máis que facelo constar de forma expresa e asinada no propio exame.

Bloque II (15%): O/a alumno/a que opte polo sistema de avaliación continua, deberá acreditar a **asistencia a un 80% das clases**. De non acreditar esta presencialidade mínima, o/a alumno/a quedará automaticamente excluído do sistema de avaliación continua, debendo, xa que logo, someterse ao sistema de avaliación final. As faltas de asistencia só quedarán excusadas nos casos de accidente ou enfermidade graves debidamente xustificadas.

No marco dos grupos medianos, plantexaranse distintas tarefas -casos prácticos, cuestionarios- que serán entregadas segundo os prazos previstos no cronograma previamente facilitado. Procederase á corrección das devanditas tarefas na aula, con todo, a efectos de calificación, seleccionárase unha tarefa -idéntica para todos- entre tódalas plantexadas.

B. Proba de respostas curtas relativa ao Bloque I da materia (35% da nota final)

Os/as alumnos/as realizarán unha proba de respostas curtas relativa ao Bloque I da materia, e **poderán utilizar como material de apoio textos legais**. Para superar a materia, o/a alumno/a deberá obter, na devandita proba, unha nota mínima de 4 sobre 10. En todo caso, se a nota obtida polo/a alumno/a nesta proba é superior a 4 pero inferior a 5, a calificación final non poderá exceder de 6. A devandita proba realizarase na data oficial de exame da materia (17 de xaneiro de 2014, ás 16:00, aulas 2.4 e 2.5).

C. Proba tipo test relativa ao Bloque II da materia (35% da nota final)

Os/as alumnos/as realizarán unha proba tipo test: preguntas pechadas de elección múltiple (sinalando unha resposta entre un número limitado de posibilidades). A citada proba tipo test incluírá preguntas de carácter teórico (contidos propios das clases maxistras) e de carácter práctico (contidos propios de grupos medianos e, no seu caso, de accións titoriais), relativas ao Bloque II da materia. Para superar a materia, o/a alumno/a deberá obter, na devandita proba, unha nota mínima de 4 sobre 10. En todo caso, se a nota obtida polo/a alumno/a nesta proba é superior a 4 pero inferior a 5, a calificación final non poderá exceder de 6.

A devandita proba realizarase na data fixada no cronograma da materia, en todo caso ao remate da explicación do Bloque II.

Se o/a alumno/a non superase a materia en primeira convocatoria (17 de xaneiro de 2014, 16:00, aulas 2.4 e 2.5), as calificacións acadadas como consecuencia da avaliación da participación activa e das probas de resposta curta ou tipo test conservaranse para a convocatoria do mes de xullo (7 de xullo de 2014, 10:00, aula 1.4), examinándose o alumno, na devandita convocatoria, só daquela parte do programa -Bloque I ou Bloque II- non superada en primeira convocatoria. Porén, o/a alumno/a, se así o manifesta, poderá optar por someterse ao sistema de avaliación final renunciando as calificacións acadadas no marco da avaliación continua.

En todo caso, as calificacións acadadas no marco da avaliación da participación activa, na proba de resposta curta e na proba tipo test non se conservarán para convocatorias de cursos académicos posteriores. O/a alumno/a deberá entón someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás opción pola avaliación final.

2. SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL:

A avaliación da materia ou nota final será a acadada nun único exame a realizar na data oficial (primeira convocatoria: 17 de xaneiro de 2014, 16:00, aulas 2.4 e 2.5; segunda convocatoria: 7 de xullo de 2014, 10:00, aula 1.4), nos seguintes termos:

Bloque I:

A mesma proba descrita no apartado 1.B, que representará un 50% da calificación final

Bloque II: Constará das seguintes probas:

A. Proba de respostas de desenvolvemento que representará un 40% da calificación final.

B. Estudio de casos/análise de situacións que representará un 10% da calificación final

3. CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA:

Na convocatoria fin de carreira o/a alumno/a será avaliado nun único exame escrito, de carácter teórico e práctico, que representará o 100% da nota final.

Bibliografía. Fontes de información

BLOQUE I - Xurisdición Contencioso-administrativa

BUSTILLO BOLADO, R.: *La aplicación de la Ley de Enjuiciamiento Civil en el Contencioso-administrativo*, Aranzadi, Cizur menor (Navarra), 2005.

BUSTILLO BOLADO, R.: *Convenios y contratos administrativos: transacción, arbitraje y terminación convencional del procedimiento*, 3ª ed., Aranzadi, Cizur Menor (Navarra), 2010.

BUSTILLO BOLADO, R.: "Tutela judicial, Ley de la Jurisdicción Contencioso-administrativa y práctica forense: viejas dificultades y nuevas propuestas", en *Revista de Administración Pública* núm. 184, 2011, pgs. 159 ss.

DE LA SIERRA MORÓN, S.: *Tutela cautelar contencioso-administrativa y Derecho europeo*, Aranzadi, Cizur menor (Navarra), 2004.

FERNÁNDEZ TORRES, J.R.: *La formación histórica de la Jurisdicción Contencioso-administrativa (1845-1868)*, Civitas, Madrid, 1998.

FERNÁNDEZ TORRES, J.R.: *Jurisdicción administrativa revisora y tutela judicial efectiva*, Civitas, Madrid, 1998.

GARCÍA DE ENTERRÍA, E./ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R.: *Curso de Derecho Administrativo. II*, 12ª ed., Civitas, Madrid, 2011.

GARCÍA DE ENTERRÍA, E.: *Las transformaciones de la justicia administrativa: de excepción singular a la plenitud jurisdiccional ¿un cambio de paradigma?*, Civitas, Madrid, 2007.

GARCÍA DE ENTERRÍA, E.: *La batalla por las medidas cautelares*, Madrid, Civitas, 1992.

GEIS CARRERA, G.: *La ejecución de las sentencias urbanísticas*, Atelier, Barcelona, 2009.

MARTIN REBOLLO, L.: *Leyes Administrativas*, Ed. Aranzadi (Última edición).

BLOQUE II - Xurisdición Social

Textos normativos:

Legislación laboral y de Seguridad Social, Tecnos, última edición

Legislación Social Básica, Thomson Civitas, última edición

Legislación Laboral y de Seguridad Social, Netbiblio, última edición.

Legislación Laboral y de Seguridad Social, Aranzadi, Pamplona, última edición.

Código de la Seguridad Social, Aranzadi, Pamplona, última edición.

Recomendacións